

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025025	CEIP San Francisco Javier	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	4º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 4º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situación de aprendizaxe (retos, tarefas, actividades e exercicios). Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

A temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada mestra. Atoparemos dúas unidades didácticas (a modo de proxecto) en cada trimestre, e unha unidade transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso onde se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nas outras unidades.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Sempre aprendendo	<p>Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (assembleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional....).</p> <p>Recollerá tamén as actividades iniciais de acollida do alumnado xa que é a súa primeira incorporación no centro e na aula. Incluirase aquí o período de adaptación que se ten que realizar neste curso e tamén todas aquelas actividades que realizaremos posteriormente de presentación de novos integrantes da clase, novos espazos, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, etc...</p>	40	X	X	X
2	Monstruiños no cole?	<p>Unha vez superado o difícil período de adaptación, empezamos a traballar para que os alumnos e as alumnas coñezan as dependencias da escola, os espazos da clase e as persoas que forman parte dela. É o noso labor intentar que se sintan a gusto e felices no colexio, aprendan a desenvolverse con progresiva autonomía, se relacionen cos demais membros da comunidade educativa e participen nas actividades escolares.</p> <p>Nesta unidade abordamos tamén aspectos relacionados coa alimentación saudable, exercicio físico e facemos especial fincapé no coñecemento do corpo, o desenvolvemento de hábitos de hixiene, a manipulación, a experimentación cos sentidos, a expresión e xestión de sentimentos e emocións, etc.</p>	40	X		
3	Na casa de Kuro	<p>O desenvolvemento desta unidade didáctica xira en torno á familia, á casa e aos cambios naturais que se produciron na contorna coa chegada do outono. Propóñense actividades encamiñadas a desenvolver no alumnado actitudes de colaboración, afecto, respecto e valoración cara á estrutura familiar, así como de participación dentro dela. Traballaremos as diferentes dependencias da casa, os obxectos e as accións que se realizan en cada unha delas. Todo isto vai favorecer unha autonomía crecente nesta contorna. Ademais, a través deste centro de interese, iniciáremolos no coñecemento dos costumes, a vivenda, as tradicións, etc., doutro país, Xapón. Utilizaremos as láminas de plástica, festas e traballo cooperativo para traballar e decorar a clase, se o docente o estima oportuno, con motivo da próxima</p>	40	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Na casa de Kuro	chegada do Nadal.	40	X		
4	Imos á rúa?	Os contidos desta unidade didáctica xirarán en torno á rúa e aos establecementos de consumo. Proporemos actividades para que coñezan os seus elementos, as persoas que traballan nela, os edificios, os medios de transporte... Dialogaremos sobre o desenvolvemento de hábitos ecosostibles relacionados coa limpeza, a conservación e o coidado destes espazos, así como sobre as normas básicas de seguridade viaria. Sempre que sexa posible, realizaremos saídas polo barrio, vila ou cidade na que estea ubicado o centro educativo para que coñezan diferentes establecementos relacionados co consumo e os produtos que poden adquirirse neles. O inverno constitúe outro dos centros de interese. Conversaremos sobre aspectos relacionados coa nova estación: cambios na contorna, o frío, as prendas de vestir, etc	40		X	
5	Á auga patos!!	Esta unidade xirará en torno a centros de interese e temas moi interesantes que van espertar a curiosidade dos nenos e das nenas: a auga e o inverno. Procuraremos que comprendan a importancia da auga para os seres vivos, que coñezan os diferentes estados nos que se pode atopar e os animais que viven nela, que descubran que hai casas que se constrúen con xeo, os medios de transporte que navegan por ela. Insistiremos na necesidade de desenvolver hábitos sostibles e ecosocialmente relacionados co uso axeitado deste recurso, tan necesario para a vida. Ademais, abordaremos profesións como as dos pescadores e as pescadoras, mergulladores... Traballaremos o inverno mediante a observación de fenómenos atmosféricos (neve, frío, etc.) e das pezas de vestir apropiadas para esta estación.	40		X	
6	Unha horta no xardín	Os contidos desta unidade didáctica xirarán en torno á primavera. Debido aos cambios que se producen na contorna coa chegada desta estación (o bo tempo, o maior número de horas de sol, as pezas de vestir), abordaremos a importancia das árbores e das plantas (sostibilidade, coidados, utilidade, alimentos de orixe vexetal, etc.) e dos animais que aparecen nesta época do ano. Ademais, a través de experiencias divertidas e prácticas, os pequenos e pequenas aprenderán contidos relacionados co parque, o xardín e a horta. Sempre que sexa posible, realizaremos saídas ou excursións planificadas para que coñezan estes lugares e observen as flores, as cores da primavera, os alimentos de orixe vexetal...	40			X
7	As ras	A última unidade estará dedicada ao mundo animal a través das ras. Descubriremos como é o seu corpo, onde viven, como nacen, medran e se alimentan; saberemos quen son os seus familiares e os seus inimigos; coñeceremos como se desprazan e os tipos	40			X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	As ras	de ras que existen. Ademais, nos achegaremos ao coñecemento doutros animais. Insistiremos tamén na adquisición de hábitos de hixiene ecosostibles tras o contacto cos animais e favoreceremos actitudes de coidado e respecto cara eles.	40			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Sempre aprendendo	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa activamente nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Escoita e interpreta mensaxes sinxelas emitidas por outras persoas.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con interese a lectura de textos literarios breves.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece e acepta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.</li> <li>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.</li> <li>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.</li> <li>- Respecto polas producións alleas.</li> <li>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Monstruiños no cole?	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos musicais.	TI
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.</li> <li>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.</li> <li>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.</li> <li>- Respecto polas producións alleas.</li> <li>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.</li> <li>- Uso do baile e da danza como medios de expresión.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Na casa de Kuro	40



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa interese ante representacións ou manifestacións artísticas.	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Reacciona ante representacións ou manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas explorando os distintos materiais con interese.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.

## Contidos

- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Imos á rúa?	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> </ul>

Contidos
- Respecto cara ás producións alleas.

UD	Título da UD	Duración
5	Á auga patos!!	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Unha horta no xardín	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.</li> <li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.</li> <li>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.</li> <li>- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.</li> <li>- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.</li> <li>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	As ras	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	TI
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega unha linguaxe respetuosa coas demais persoas e se inicia no uso das convencións sociais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito non convencional, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Fai unha aportación persoal con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística ou representación dixital	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-</li> </ul>



## Contidos

- cultural.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e máis neste primer curso do segundo ciclo no que se están a iniciar na súa comunicación coa contorna máis aló do seu núcleo familiar. Como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes comecen a desenvolverse, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en conta o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás, xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- As unidades didácticas terán actividades adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Estas actividades buscarán a exploración e manipulación de diversos materiais, xerando curiosidade e culminando con sinxelas creación das crianzas.
- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de grande grupo.
- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando

dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado, empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación, onde o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...

- Nesta programación empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as alumnas e alumnos sexan os protagonistas activos das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno iniciárase no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Proxecto Mmm... Palomitas. Editorial Algaida.
Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, pantalla dixital, conexión a internet, reproductor musical, escornabots...
Material funxible: convencionais e non convencionais.
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...).
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, aros...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico.
Comunidade educativa ( alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc).
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, biblioteca Concello, etc).
Instrumentos musicais.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo. Na primeira unidade do curso levarase a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica do seguinte xeito:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.

É fundamental o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial realizarase unha vez superado o período de adaptación, terase en conta información obtida durante este período, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e á realidade da aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación (sen dificultade, en proceso e con dificultade). O alumno/a obterá a súa calificación en función do grao de consecución observado pola mestra.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, porase especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razoamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar a aula de forma accesible. Adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adequar á programación didáctica. Realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar unha metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro e os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumnado.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características deste alumnado.

- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para a estimulación da linguaxe, o razoamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases e explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas de ser necesario, e asesorados sempre e axudados polo Departamento de Orientación para o traballo co alumnado NEAE.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH.
- Evitar tarefas repetitivas, sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades, facer este tipo de actividades supoña reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.		X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal.		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X	X			X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X	X	X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.		X	X	X			

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa planificará e participará en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Biblioteca Pública González Garcés	Achegamento á lectura.		X	X
Rutas Urbanas (Santa Margarita)	Actividade para coñecer a contorna.		X	X
Palacio da Ópera	Actividade de achegamento á música.		X	X
Visita a O Ventoso	Actividade de achegamento á contorna (coidado e respecto polos animais e obradoiro de elaboración de pan).			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro (Fórum)	Realizarase se hai oferta de actividades para o noso nivel.		X	X

**Observacións:**

Como aínda non hai datas confirmadas, especifícanse varios trimestres para algunhas actividades (biblioteca, Fórum, Rutas Urbanas, Palacio da Ópera), pois non se sabe aínda en que mes se realizarán as propostas escollidas.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Temporalización de actividades adecuada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empréganse diversos recursos didácticos.
Medidas de atención á diversidade
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Clima de traballo na aula
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

**Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

**9. Outros apartados**